



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE (SOGAMA) PARA A AXUDA PARA A CONSTRUCIÓN DE TRES NOVAS PLANTAS DE BIORRESIDUOS

“OPERACIÓN SUSCEPTIBLE DE FINANCIAMENTO AO 100% NO MARCO DO EIXO REACT- UE DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 COMO RESPONDA DA UNIÓN EUROPEA Á PANDEMIA DO COVID-19”.

REUNIDOS

Dunha parte, a Xunta de Galicia (S1511001 H), representada no presente acto por Dona Ángeles Vázquez Mejuto na súa calidade de Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e Consellerías da Xunta de Galicia, en relación co establecido no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, quen intervén no exercicio das facultades atribuídas polo artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia, en relación co Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Doutra parte, a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (en diante SOGAMA), representada por Don Javier Domínguez Lino, en calidade de Presidente da mesma, en virtude do acordo do Consello de Administración da Sociedade, con data 11 de febreiro de 2015, que intervén exercendo as facultades atribuídas mediante a delegación de poder do propio Consello de Administración outorgado na mesma data do seu nomeamento como Presidente da Sociedade á que representa.

Interveñen no exercicio do seu cargo, e na representación que exercen recoñécense entre si capacidade legal para subscribir o presente Convenio e, para ese efecto,





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

MANIFESTAN

Primeiro. - A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, tal como recolle o artigo 1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten atribuídas competencias e funcións en materia de medio ambiente, ordenación do territorio e urbanismo e conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, sucedida na estrutura da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola actual Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático en virtude do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das Consellerías da Xunta de Galicia, consonte o artigo 10 do Decreto 42/2019 exercerá as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da devandita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, a xestión de sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico para o logro da adecuada protección ambiental, incluíndo diversas atribucións en materia de planificación e control da xestión de residuos.

Segundo. -SOGAMA, empresa pública adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, que actualmente está a xestionar a planta de biorresiduos existente en Cerceda (A Coruña) para o tratamento da fracción orgánica dos residuos urbanos (FORSU), propón a construción de 3 novas instalacións destinadas ao tratamento e elaboración dun compost a partir da recollida selectiva dos residuos FORSU nos concellos para dar cumprimento aos obxectivos establecidos nas Directivas europeas que regulan a materia, a Directiva 2008/98/CE do Parlamento europeo e do Consello, do 19 de Novembro de 2008, sobre residuos, modificada pola Directiva UE 2018/851 do Parlamento e do Consello do 30 de Maio de 2018, que establece nos seus considerandos que, coa finalidade de que a Comunidade no seu conxunto poida ser autosuficiente na eliminación de residuos e valorización de





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

residuos urbanos mesturados recollidos nos fogares privados será necesario prever unha rede de cooperación en materia de instalacións de eliminación e instalacións de valorización de residuos urbanos mesturados, recollidos nos fogares privados.

En concordancia coa xerarquía de residuos e co obxecto de reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro orixinados pola eliminación de residuos nos vertedoiros, é importante facilitar a recollida separada e o tratamento adecuado dos biorresiduos.

Segundo o artigo 16 da Directiva 2008/98/CE do Parlamento e do Consello, do 19 de Novembro de 2008, modificada pola Directiva UE 2018/851 do Parlamento e do Consello do 30 de Maio de 2018, que se refire aos principios de proximidade e autosuficiencia, os Estados membros tomarán as medidas oportunas na cooperación cos demais Estados membros, cando sexa necesario, para establecer unha rede integrada e adecuada de instalacións de eliminación de residuos e de instalacións para a valorización de residuos municipais mesturados e recollidos nos fogares privados, mesmo cando a recollida tamén abarque tales residuos procedentes doutros produtores. A rede deberá permitir a eliminación dos residuos ou a valorización dos mesmos nunha das instalacións adecuadas máis próximas mediante a utilización das tecnoloxías e métodos máis apropiados para asegurar unha elevada protección do medio ambiente e a saúde públicas.

No caso particular dos biorresiduos, o artigo 22 da Directiva 2008/98 CE foi substituído polo artigo 22 da Directiva UE 2018/851 do Parlamento e do Consello do 30 de Maio de 2018, no que se indica que os Estados membros adoptarán as medidas para incentivar a reciclaxe, incluído a compostaxe e dixestato dos biorresiduos dunha forma que asegure un alto nivel de protección ambiental.

En relación coa xestión de residuos, recóllese nos artigos 28 e 29 da Directiva 2008/98/CE do Parlamento europeo e do Consello, do 19 de Novembro de 2008, sobre residuos, modificada pola Directiva 2018/851 do Parlamento e do Consello do 30 de Maio de 2018, que os Estados membros asegurarán que as





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

autoridades competentes establezan un ou varios plans de xestión de residuos de conformidade cos artigos 1, 4, 13 e 16.

Resulta tamén de aplicación a Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia (especialmente o establecido no seu artigo 25 que desenvolve as funcións de SOGAMA) e o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022.

Terceiro. - De conformidade co disposto no artigo 19.4. c da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa, as subvencións nas que se acredite un interese público, social, económico ou humanitario, ou outras causas debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Consonte o artigo 26.1 da citada Lei, os Convenios serán o instrumento habitual para canalizar este tipo de subvencións.

Cuarto. - Que no presente Convenio concorren os requisitos de interese público que esixe o artigo 19.4. c da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, posto que, como xa se puxo de manifesto no exponendo segundo, as instalacións obxecto de subvención, alén de contribuír a dar o mellor servizo posible aos Concellos adscritos ao sistema de xestión institucional de residuos, levan tamén ao desenvolvemento da infraestrutura mínima contemplada no Plan de residuos para dar o tratamento adecuado á fracción orgánica dos residuos para practicamente a totalidade de concellos da Comunidade Autónoma, de tal xeito que se avance de forma decidida cara ao cumprimento dos obxectivos de recuperación e reciclaxe de residuos que impón a UE, permitindo a correcta xestión dos residuos separados de forma selectiva polos cidadáns, especialmente os de orixe orgánica e facilitando o cumprimento dos limiares de reciclaxe que fixa a normativa. A construción destas plantas de biorresiduos permitirá aumentar as taxas de reciclaxe dos residuos urbanos.

Por outra banda, o carácter social da actuación é un elemento nuclear, xa que o remate último destes investimentos é o tratamento dos residuos urbanos xerados pola cidadanía. En tal sentido hai que remarcar que a recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos é un servizo esencial para a comunidade.

Igualmente, é necesario destacar que a xestión de residuos urbanos realizada por SOGAMA en cumprimento do establecido na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de Residuos e Solos contaminados de Galicia, e especialmente do





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

sistema promovido pola administración Autonómica para a xestión institucional dos residuos cuxa xestión ten encomendada, configúrase como un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade de interese xeral é a de conseguir a cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema e o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos procurando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos.

Isto despréndese do establecido na D.A. terceira da Lei 6/2021, sendo de especial importancia para a Comunidade Autónoma de Galicia a implementación deste sistema pois a orografía, a diseminación poboacional e o número de concellos de escaso tamaño e capacidade económica fan que a prestación do servizo de xestión de residuos urbanos, que é de prestación obrigatoria polas entidades locais por tratarse dun servizo esencial, sexa inasumible economicamente de forma independente.

Doutra banda, hai que destacar que se trata dunha subvención para realizar investimentos que contribúen a unha transición cara a unha economía verde na liña dos obxectivos da normativa europea.

Quinto. - Que as actuacións contempladas no presente convenio son susceptibles de financiamento ao 100% con FEDER no marco do Eixo REACT UE "Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia Covid-19 e as súas consecuencias sociais, e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía", no marco do Obxectivo Específico 20.1.4 "Apoio aos investimentos que contribúan á transición cara a unha economía verde", do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020. Concretamente, encaixa na liña de actuación para a mellora no tratamento de residuos e aproveitamento de biorresiduos, categoría de intervención 023: Medidas ecolóxicas destinadas a reducir ou evitar emisións de gases de efecto invernadoiro (incluído o tratamento e almacenamento de metano e compostaxe).

Por tanto, será de aplicación a normativa comunitaria aplicable ao FEDER, en particular o Regulamento (UE) 1303/2013, do 17 de decembro do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e derógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello (en diante, RDC) e as súas modificacións; o Regulamento Delegado (UE) 480/2014 da Comisión, do 3 de marzo de 2014 e demais normativa comunitaria de desenvolvemento.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÃO EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

O indicador de produtividade asociado é o CO17 Capacidade adicional de reciclaxe de residuos (toneladas/ano) e o indicador de resultado é o R611 G Volume de residuos domésticos recollidos selectivamente sobre produción de residuos domésticos (%).

Sexto. - En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o texto do convenio e a documentación requirida no ordinal oitavo do devandito artigo, será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Sétimo. -Que existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para atender á subvención na Aplicación Orzamentaria 08.02.541D.741.02 do Proxecto 2021 00039 denominado “Construción de novas plantas de biorresiduos”.

Oitavo. - Que conforme ao artigo 70.2 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, na concesión directa de subvencións, cando con carácter excepcional, se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas, que dificulten a súa convocatoria pública, prevista no artigo 19.4. c da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, estará suxeita ás previsións do artigo 26.3 que fan referencia á autorización previa do Consello da Xunta para estes fondos, cando o importe supere os 300.000 euros.

Noveno.- Esta subvención atópase excluída da aplicación na normativa de Axudas de Estado que se recolle no artigo 107 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea , tal e como se explica no anexo 2 do presente convenio

En virtude do exposto, establécese o presente Convenio de Colaboración conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. -Obxecto do Convenio.

O presente Convenio ten por obxecto establecer as condicións da axuda da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a SOGAMA para as actuacións no tratamento da fracción orgánica dos residuos urbanos (FORSU), financiando a construción de tres instalacións en Cervo (Lugo), Verín (Ourense), e Viloanova de Arousa





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

(Pontevedra) destinadas ao tratamento e elaboración dun compost a partir da recollida selectiva dos residuos FORSU nos Concellos. Estas plantas únense á actual de tratamento de biorresiduos en Cerceda (A Coruña).

Cada unha das tres plantas que se construírán integraranse nunha nave pechada dotada da última tecnoloxía en sistemas de desodorización e eliminación de cheiros. As actuacións están destinadas a incrementar as taxas de recuperación e reciclaxe de residuos na Comunidade Autónoma.

Mediante o presente convenio instruméntase a concesión dunha subvención directa por razóns de interese público, social e económico consonte os artigos 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o 70 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de Simplificación Administrativa e de Apoio á Reactivación económica de Galicia, polo que o seu contido ten o carácter de bases reguladoras da subvención e de Documento polo que se Establecen as Condicións da Axuda (DECA) ao beneficiario, esixido pola normativa aplicable ao fondo FEDER.

Segunda.-Actuacións subvencionables.

Serán subvencionables as actuacións de construción das plantas de biorresiduos, incluíndo os gastos de estudo preliminar, proxectos, construción e posta en marcha, dirección e execución de obra, coordinación de seguridade e saúde e taxas e licenzas municipais; así como a adquisición dos terreos. No anexo I recóllense todos os gastos por actuación, plantas e anualidade.

Para a xustificación da axuda o método de custos empregado é o de custos reais (art.67.1 do Regulamento (UE) 1303/2013).

Respecto á adquisición de terreos, para a execución das actuacións non excede o límite do 10% do gasto subvencionable das plantas de biorresiduos, de conformidade co disposto na Orde HPF/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do FEDER para o período 2014-2020, modificada por Orde HAC/114/2021, de 5 febreiro 2021, cuxas normas resultan de aplicación para a determinación dos gastos elixibles, do mesmo xeito que os límites fixados no artigo 69 do Regulamento 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derógase o Regulamento (CE) n ° 1083/2006 do Consello.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

Non será subvencionable o imposto sobre o valor engadido cando sexa recuperable conforme a lexislación nacional sobre o IVE.

De conformidade co Regulamento (UE) 2020/2221 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de decembro de 2020, que modifica o RDC, serán subvencionables as actuacións iniciadas con posterioridade ao 1 de febreiro do 2020.

En todo caso, respecto á elixibilidade dos gastos, deberán cumprirse as normas da Orde HPF/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do FEDER para o período 2014-2020, modificada por Orde HAC/114/2021, de 5 febreiro 2021.

Terceira. -Financiamento e contía máxima da subvención

Os gastos orixinados pola execución do Convenio serán financiados a través da subvención directa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por razóns de interese público, social e económico. O importe total ascende a vinte e cinco millóns de euros (25.000.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.541D.741.02 do proxecto 2021 00039 denominado “Construción da rede de plantas de tratamento de biorresiduos”.

Este importe será distribuído en dúas anualidades da seguinte forma:

ANO	INVESTIMENTO SOGAMA	SUBVENCIÓN
2021	6.623.216,97 €	5.000.000,00 €
2022	21.521.543,87 €	20.000.000,00 €
TOTAL	28.144.760,84 €	25.000.000,00 €

Cuarta.- Incompatibilidade con outras axudas.

A presente subvención será incompatible con outras axudas ou subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración, entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Quinta. -Compromisos e obrigacións do beneficiario.

SOGAMA comprométese a presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, a seguinte documentación:





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

- Declaración responsable de que o beneficiario ten capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as condicións do convenio (RDC art. 125.3.d)
- Documentación acreditativa da dispoñibilidade das terreos
- Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no caso de que se opoña á súa consulta pola Administración.
- Declaración responsable de que non solicitou nin ten concedidas outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sen prexuízo dos demais deberes que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, así como daqueloutras que se indican no convenio, o beneficiario da subvención queda obrigado a :

1. Executar as actuacións obxecto da subvención nos termos e prazos establecidos no convenio e destinalas aos remates que determinan a súa concesión.
2. Cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa aplicable ao FEDER, en concreto, o Regulamento (UE) n.º 1303/2013, e o Regulamento (UE) n.º 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre as disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego, e polo que se deroga o Regulamento (CE) n.º 1080/2006 e as súas modificacións, así como a normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento dos citados regulamentos.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como a Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado, en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, as comprobacións e verificacións que realizará o organismo intermedio, ás da autoridade de xestión, ás comprobacións do artigo 125.5 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 e, de ser o caso, dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo ou calquera outra instancia comunitaria de control e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

4. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable único que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un período de dous anos, a partir de 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída (en aplicación do artigo 140.1 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013). O órgano concedente informará a entidade beneficiaria da data de inicio á que se refire este deber.
5. Manter os investimentos en infraestruturas ou investimentos produtivas durante un prazo mínimo de cinco anos desde o pagamento final ao beneficiario, en cumprimento do disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013.
6. Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devindicados desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
7. En relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no anexo XII, apartado 2.2, do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, e atendendo ao sinalado no capítulo II do Regulamento de execución (UE) n.º 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, a entidade beneficiaria deberá, durante a realización da operación e mantemento do investimento :
 - a) Recoñecer o apoio do FEDER á operación en todas as medidas de información e comunicación e medidas para aumentar a visibilidade que leve a cabo, amosando o emblema xunto coa referencia á Unión Europea e facendo referencia ao FEDER e a que a operación está 'financiada como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19'. Tamén se incluírá o lema 'Unha maneira de facer Europa' sempre que sexa posible.
 - b) Informar ao público do apoio obtido facendo unha breve descrición no seu sitio da internet, no caso de que dispoña dun, da operación, de maneira proporcionada ao nivel do apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión Europea.
 - c) Durante a execución da operación, colocará un cartel temporal de tamaño significativo. No prazo de tres meses a partir da conclusión da operación, colocará un cartel ou placa permanente de tamaño significativo. O cartel temporal e a placa permanente deberán colocarse nun lugar ben visible para o público como, por exemplo, a entrada dun edificio, e





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

indicarán o nome e o obxectivo principal da operación e prepararanse consonte as características técnicas recollidas no artigo 5 do Regulamento nº 821/2014.

8. Informar o órgano concedente do nivel de logro dos indicadores de produtividade asociados ás actuacións subvencionadas no momento da xustificación dos gastos.
9. Aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión (art. 125.4. c do Regulamento (UE) Nº 1303/2013) proporcionando información para a detección de posibles indicios de fraude (“bandeiras vermellas”). A detección de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) nos termos establecidos na Comunicación 1/2017 do SNCA, do 6 de abril, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea. A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente. As irregularidades detectadas no gasto xustificado do beneficiario reducirán a axuda FEDER da operación.
10. Introducir os datos e os documentos dos que sexa responsable, así como todas as súas posibles actuacións, nos sistemas de intercambio electrónico de datos do órgano concedente, en cumprimento do artigo 122, apartado 3, parágrafo primeiro, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e no artigo 10.1 do Regulamento 1011/2014, do 22 de setembro de 2014.

Sexta. - Prazos de realización das actuacións subvencionadas.

O prazo de execución da actuacións subvencionadas abarcará desde o 1 de febreiro de 2020 ata o 30 de novembro de 2022.

Este prazo total contempla dúas anualidades:

Año 2021: ata o 30 de novembro de 2021. Neste prazo deberán executarse as actuacións que se recollen no Anexo I para esta anualidade.

Año 2022: ata o 30 de novembro de 2022. Neste prazo deberán executarse as actuacións que se recollen no Anexo I para esta anualidade.

Sétima - Aceptación da subvención.

SOGAMA acepta expresamente a subvención coa sinatura do presente Convenio, comprometéndose a desenvolver a acción nos termos previstos no mesmo.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

A aceptación da axuda supón aceptar a inclusión da operación e os seus datos na lista de operacións prevista no art. 115.2 do RDC e de acordo aos requisitos previstos no Anexo XII do devandito regulamento, que se publicará no portal da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda :

<https://www.dgfc.sepg.hacienda.gob.es/sitios/dgfc/es-Es/loFEDER1420/porFEDER/Paginas/inicio.aspx>

Oitava.- Xustificación das actuacións subvencionables.

Para a xustificación económica deberá presentarse a documentación que se sinala a seguir:

1. Certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o beneficiario está ao día nos seus deberes tributarios, no caso de que se opoña á súa consulta por parte do órgano xestor.
2. Un resumo da execución por cada unha das plantas de biorresiduos financiadas, desagregando os distintos conceptos de gasto subvencionables, o importe (IVE excluído), e a data dos gastos e do pagamento.
3. Documentación xustificativa do gasto: documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter información suficiente que permita relacionalas co gasto xustificado.
4. Documentación xustificativa do pagamento: copia de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento que deberán ser o emisor da factura e o beneficiario da axuda, respectivamente, así como o número e o importe total da factura obxecto do pagamento.
5. Declaración responsable de que non solicitou nin ten concedidas outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas

De acordo co artigo 28.7 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no suposto de adquisición de bens inmoables, ademais dos xustificantes establecidos no parágrafo 3 deste artigo, debe achegarse certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente Rexistro Oficial.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÃO EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato menor, SOGAMA deberá solicitar, como mínimo, 3 ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á adquisición do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a adquisición do ben, a menos que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren (neste caso presentarase escrito aclaratorio desta circunstancia asinado polo representante legal ou un experto independente) ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á sinatura do convenio.

Sen prexuízo do anterior, SOGAMA deberá respectar na tramitación dos procedementos de licitación das actuacións financiadas a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que lle resulte de aplicación. Para ese efecto, coa documentación xustificativa achegarse certificación expedida pola persoa responsable do control de legalidade de SOGAMA na que se acredite que se respectaron os procedementos de contratación pública, no que lle resulte de aplicación. A consellería poderá solicitar a documentación relativa ás contratacións efectuadas polo beneficiario.

Para a xustificación do cumprimento dos deberes de publicidade achegarse documentación xustificativa (documentación gráfica, fotografías ou calquera outro soporte probatorio) que acredite este cumprimento e información sobre o valor de realización do indicador de produtividade asociado ás operacións.

A presentación da documentación xustificativa realizarase, como máximo no prazo dun mes desde a finalización do prazo máximo de execución para cada anualidade.

Ano 2021: desde o 1 de decembro ata o 31 de decembro de 2021.

Ano 2022: desde o 1 de decembro ata o 31 de decembro de 2022.

En cumprimento do artigo 30.2 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, ao tratarse dunha subvención de capital superior a 60.000 euros destinada a investimentos en activos tanxibles, o órgano concedente realizará a comprobación material do investimento, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

Novena. - Pagamento da subvención.

O pagamento da subvención realizarase mediante pagamentos, que poderán ser a conta, segundo o estipulado no artigo 62.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007, do 13 de





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

xuño, de subvencións de Galicia tras a presentación das facturas parciais e/ou, de ser o caso, certificacións de obra, respondendo ao ritmo de execución das accións subvencionadas sen prexuízo da xustificación contemplada na cláusula oitava deste convenio á finalización do prazo de execución.

- No ano 2021 realizaranse os pagamentos a conta correspondentes ás facturas e/ou certificacións presentadas en concepto de estudo preliminar, proxectos (básico e para AAI), adquisición de terreos, construción e posta en marcha e taxas e licenzas municipais, sen que en ningún caso o pagamento supere a cantidade máxima subvencionable para cada plantas:
 - Vilanova de Arousa: 2.782.828,00 €
 - Cervo: 1.064.720,00 €
 - Verín: 1.152.452,00 €
- No ano 2022 realizaranse os pagamentos, que poderán ser a conta, correspondentes ás facturas e/ou certificacións presentadas en concepto de construción e posta en marcha, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, sen que en ningún caso o pagamento supere a cantidade máxima subvencionable para cada planta:
 - Vilanova de Arousa: 11.131.311,00 €
 - Cervo: 4.258.883,00 €
 - Verín: 4.609.806,00 €

Ao amparo do artigo 62.2 e 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe conxunto dos pagos a conta poderá chegar como máximo ata o límite do 90 % do importe da subvención.

Así mesmo, non será necesario que SOGAMA presente as garantías contempladas no artigo 67 do Regulamento, de conformidade co artigo 65.4. da citada norma.

Décima. -Modificación do Convenio.

O presente Convenio poderá ser modificado a proposta de calquera das partes, mediante a subscripción dunha addenda ao mesmo, formalizada antes da finalización do Convenio.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

Dará lugar á modificación do convenio polo órgano que o pronunciara, sen que en ningún caso poida variarse o destino ou finalidade da subvención, a alteración das circunstancias ou requisitos subxectivos e obxectivos tidos en conta para a concesión da subvención.

A modificación do convenio notificarase con carácter previo á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos para efectos da modificación do DECA, así mesmo calquera alteración das circunstancias concorrentes que supoñan a necesidade de ampliación do período de execución da operación deberá comunicarse a esta Dirección Xeral, para os efectos de modificar a data límite prevista no DECA, que en ningún caso poderá exceder da data de finalización que se estableza nas directrices de peche do programa operativo.

Undécima. - Comisión de seguimento

Para o correcto seguimento das actuacións do convenio, crearase unha comisión de seguimento, paritaria entre representantes da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático e SOGAMA.

O funcionamento da Comisión de seguimento rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Duodécima. - Entrada en vigor e duración

O presente Convenio perfeccionarase coa sinatura das partes. O prazo total de execución da actuación finaliza o 30 de novembro de 2022.

Este prazo total de execución contempla dúas anualidades:

Ano 2021: ata o 30 de novembro de 2021

Ano 2022: ata o 30 de novembro de 2022

O prazo de vixencia deste convenio finalizará o 31 de decembro de 2023, que se considerará como data de finalización das operacións a efectos do DECA, polo que a axuda deberá estar totalmente pagada.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÃO EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

Décimo terceira. - Resolución do Convenio e reintegro da axuda

Ademais do cumprimento do prazo de finalización do convenio, será causa de extinción o incumprimento de calquera das partes dos compromisos asumidos por mutuo acordo entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e SOGAMA, así como o incumprimento da lexislación aplicable.

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto e, ademais, por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución, segundo establece o artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra no prazo dun mes coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

A resolución do Convenio, por denuncia formal, ou por calquera outra causa de resolución das previstas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non poderá prexudicar a continuación de cantas actuacións ou actividades se atopasen xa en curso, ou ben, daquelas sobre as cales xa se adquiriu un compromiso fronte á outra parte ou fronte a terceiros. No acordo de resolución do Convenio, establecerase o prazo improrrogable no cal as citadas actuacións ou compromisos deberán rematar.

A resolución do Convenio non orixinará ningunha obriga de contraprestación entre as partes, agás a liquidación das obrigas pendentes.

Sen prexuízo do anterior, nos supostos contemplados nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, procederá esixir o reintegro das cantidades percibidas, incrementadas cos intereses legais establecidos





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

na normativa vixente. A tramitación do expediente de reintegro levará a cabo consonte o procedemento establecido no título II da Lei 9/2007, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

1. O incumprimento total dos remates/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obrigaón de xustificación, serán causa da perda do dereito ao cobro, ou do reintegro total da subvención.
2. O incumprimento parcial dos obxectivos ou a non execución das actividades concretas da operación dará lugar á perda parcial do dereito de cobro da subvención nas porcentaxes que se determinen nos parágrafos seguintes ou, de ser o caso, ao reintegro parcial da subvención.
O alcance de incumprimento determinarase en proporción ao investimento deixado de practicar ou indebidamente practicada, e se minorará a subvención proporcionalmente.
3. Procederá o reintegro parcial nos seguintes casos:
 - a) Non dar publicidade ao financiamento da operación, consonte o establecido na cláusula quinta do convenio suporá un reintegro do 2% da subvención concedida.
 - b) No caso do incumprimento da obrigaón de manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado, en relación con todas as transaccións relativas aos gastos subvencionables que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con FEDER, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, suporá un reintegro do 2% da subvención concedida.
 - c) No período de mantemento do investimento establecido no convenio, no caso de non cumprir as obrigaóns de publicidade de financiamento da operación (placa permanente, páxina web,...) suporá o reintegro dun 2% da subvención concedida.

No caso de condicións que constitúan obrigaóns que o beneficiario deba acreditar en fase de xustificación (obrigaóns de publicidade, comunicación doutras axudas, etc...) estas deberán xustificarse en todo caso para poder proceder ao pagamento da subvención, polo que a gradación fixada neste apartado só resultará aplicable para os supostos de reintegro, no caso de que se detecten en controis posteriores ao pagamento dalgún incumprimento relativo a esas obrigaóns.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

Décimo cuarta. - Réxime xurídico do convenio e cuestións litixiosas.

O presente convenio terá carácter administrativo, sen que en ningún caso poidan derivarse del dereitos ou deberes de carácter laboral. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei. No non previsto aplicaráselle os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as posibles lagoas e dúbidas que poidan xurdir.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio, polo que as cuestións xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio, serán resoltas pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poñendo os seus acordos remate á vía administrativa.

Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que pronunciou a resolución, segundo o previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo quinta. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do solicitado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de Transparencia, Acceso á información pública e Bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo sexta.- Información básica sobre protección de datos persoais.

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e no Regulamento





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

(UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Os datos persoais solicitados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento. Os datos serán comunicados á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, na súa condición de Organismo Intermedio do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, para os efectos das funcións atribuídas no apartado 2 do art. 125, apdos 3 a 5, e do art. 140 e Anexo XIII, apartado 3 do RDC.

Décimo sétima.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, SOGAMA está obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica. gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o solicitado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o solicitado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E para que así conste para os efectos oportunos, en proba e conformidade, as partes asinan o presente documento.





ANEXO 1.- Construcción de plantas de tratamento de biorresiduos

Plantas a construír: **3 plantas.**

Importe: **28.056.760,00 euros**

Financiamento REACT-EU: **25.000.000 euros.**

1.1.- Orzamento detallado de execución por planta:

A) PLANTA DE VILANOVA DE AROUSA

Actuación	ANO 2021		ANO 2022		TOTAL	
	Sen IVE	Con IVE	Sen IVE	Con IVE	Sen IVE	Con IVE
Estudo preliminar	15.000,00 €	18.150,00 €			15.000,00 €	18.150,00 €
Proxectos (básico E para AAI)	95.000,00 €	114.950,00 €			95.000,00 €	114.950,00 €
Terreo	1.545.332,24 €	1.869.852,01 €			1.545.332,24 €	1.869.852,01 €
Construción	1.330.290,11 €	1.609.651,03 €	11.972.610,95 €	14.486.859,25 €	13.302.901,06 €	16.096.510,28 €
Dirección de obra			256.948,97 €	310.908,25 €	256.948,97 €	310.908,25 €
Coordinación seguridade e saúde			77.084,69 €	93.272,47 €	77.084,69 €	93.272,47 €
Taxas e licenzas municipais	372.137,83 €	372.137,83 €			372.137,83 €	372.137,83 €
TOTAL	3.357.760,18 €	3.984.740,87 €	12.306.644,61 €	14.891.039,98 €	15.664.404,79 €	18.875.780,85 €

Esta planta ten capacidade para tratar 15.000 tn/ano de biorresiduos segundo se xustifica no informe que se adxunta.

A.1.- Detalle das actuacións financiáveis na Planta de Vilanova de Arousa:

- Estudo preliminar de alternativas. Realizouse un estudo previo para definir as mellores alternativas no mercado para dar a mellor solución técnica á planta. O custo é de 15.000 € sen IVE (18.150 € con IVE).
- Proxecto básico e proxecto para a obtención da AAI (inclúe levantamento topográfico, estudo xeotécnico, etc.). Neste proxecto defínense todos os aspectos da instalación para poder licitar a construción e a operación da mesma, incluíndo os estudos xeotécnicos e levantamento topográfico do terreo. Ademais, inclúese toda a documentación para conseguir a Autorización Ambiental Integrada (AAI) e os permisos de construción. O custo é de 95.000 € sen IVE (114.950 € con IVE).





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

galicia

- Compra de terreo. Neste apartado inclúense os gastos de compra do terreo, incluíndo gastos de notaría e rexistros, e as taxas e impostos correspondentes. O custo é de 1.545.332,24 € sen IVE (1.869.852,01 € con IVE).
- Contrato para a construción da planta. Neste apartado inclúense o importe da licitación da construción da planta, ata as probas de garantía, tal como aparecerá no Prego de Licitación da Planta, onde se recolle tamén a posta en marcha que non se detalla neste apartado por non ser subvencionable.

A instalación consta dos seguintes equipos:

- a) Recepción e provisión de materiais cunha pa cargadora incluída, material de recollida selectiva de orgánico e material estruturante.
- b) Instalación de pretratamento que inclúe tolva de recepción, abrebolsas, mesturadora e cintas.
- c) Fermentación en túneles pechados (5 túneles) con ventiladores de aireación.
- d) Maduración en túneles pechados (5 túneles) con ventiladores de aireación.
- e) Afino con tolva de carga, cintas transportadoras, separador magnético, tromel para separar por tamaños, mesa de separación densimétrica e tolvas de almacenamento de compost e rexeitamentos.
- f) Zona de almacenamento de Compost.
- g) Sistema de depuración de gases mediante biofiltro.
- h) Planta depuradora de efluentes.

O custo desta partida ascende a 13.302.901,06 € sen IVE (16.096.510,28 € con IVE).

- Dirección de obra. Na dirección de obra inclúese toda a supervisión da obra desde o trazado de planta da parcela, a construción da soleira, a montaxe das naves, a montaxe da maquinaria incluíndo instalación eléctrica, instrumentación, contraincendios, fontanería etc., tal como aparecerá no Prego de Licitación da Planta. O custo é de 256.948,97 € sen IVE (310.908,25 € con IVE).
- Coordinador de seguridade e saúde. Na coordinación de seguridade incluírase os plans de seguridade da obra, así como o seguimento diario da montaxe das instalacións e as reunións de coordinación dos traballos que se realicen na planta, tal como aparecerá no Prego de Licitación. O custo é de 77.084,69 € sen IVE (93.272,47 € con IVE).





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

galicia

- Taxas e licenzas municipais. Inclúiranse todas as taxas e licenzas que a construción da planta necesite, incluíndo imposto construcións, instalacións e obra (ICIO) e as taxas de licenza de obra. O custo é de 372.137,83 €, estes pagamentos están exentos de IVE.

A.2.- Valor e detalle dos terreos:

Superficie (m ²)	Prezo €/ (m ²)	Custe Total (sen IVE)	Custe Total (con IVE)
19.585,96	78,90 €	1.545.332,24 €	1.869.852,01 €

O custe do terreo que se traslada ao orzamento da planta é inferior ao 10% do custe total subvencionable da planta co seguinte detalle por parcelas:

N.º parcela	Superficie m ²	Prezo m ²	Prezo parcela
6	2.105,11	78,90 €	166.093,18 €
7	3.082,66	78,90 €	243.221,87 €
8	3.080,06	78,90 €	243.016,73 €
9	3.077,46	78,90 €	242.811,59 €
10	3.074,86	78,90 €	242.606,45 €
11	3.066,19	78,90 €	241.922,39 €
12	2.099,62	78,90 €	165.660,02 €
TOTAL	19.585,96	78,90 €	1.545.332,24 €

B) PLANTA DE CERVO

Actuación	ANO 2021		ANO 2022		TOTAL	
	Sen IVE	Con IVE	Sen IVE	Con IVE	Sen IVE	Con IVE
Estudo preliminar	15.000,00 €	18.150,00 €			15.000,00 €	18.150,00 €
Proxectos (básico E para AAI)	80.000,00 €	96.800,00 €			80.000,00 €	96.800,00 €
Terreo	196.938,50 €	238.295,59 €			196.938,50 €	238.295,59 €
Construción	1.098.400,46 €	1.329.064,56 €	4.300.536,99 €	5.203.649,76 €	5.398.937,45 €	6.532.714,31 €
Dirección de obra			128.672,32 €	155.693,51 €	128.672,32 €	155.693,51 €
Coordinación seguridade e saúde			41.175,19 €	49.821,98 €	41.175,19 €	49.821,98 €
Taxas e licenzas municipais	132.538,10 €	132.538,10 €			132.538,10 €	132.538,10 €
TOTAL	1.522.877,06 €	1.818.848,24 €	4.470.384,50 €	5.409.165,25 €	5.993.261,56 €	7.224.013,49 €





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

Esta planta ten capacidade para tratar 3.000 tn/ano de biorresiduos segundo se xustifica no informe que se adxunta.

B.1.- Detalle das actuacións financiadas na Planta de Cervo:

- Estudo preliminar de alternativas. Realizouse un estudo previo para definir as mellores alternativas no mercado para dar a mellor solución técnica á planta. O custo é de 15.000 € sen IVE (18.150 € con IVE).
- Proxecto básico e proxecto para a obtención da AAI (inclúe levantamento topográfico, estudo xeotécnico, etc.). Neste proxecto defínense todos os aspectos da instalación para poder licitar a construción e a operación da mesma, incluíndo os estudos xeotécnicos e levantamento topográfico do terreo. Ademais, inclúense toda a documentación para conseguir a Autorización Ambiental Integrada (AAI) e os permisos de construción. O custo é de 80.000 € sen IVE (96.800 € con IVE).
- Compra de terreo. Neste apartado inclúese os gastos de compra do terreo, incluíndo gastos de notaría e rexistros, e as taxas e impostos correspondentes. O custo é de 196.938,50 € sen IVE (238.295,59 € con IVE).
- Contrato para a construción da planta. Neste apartado inclúese o importe da licitación da construción da planta, ata as probas de garantía, tal como aparecerá no Prego de Licitación da Planta, onde se recolle tamén a posta en marcha que non se detalla neste apartado por non ser subvencionable.

A instalación consta dos seguintes equipos:

- a) Recepción e provisión de materiais cunha pa cargadora incluída, material de recollida selectiva de orgánico e material estruturante.
- b) Instalación de pretratamento que inclúe tolva de recepción, abrebolsas, mesturadora e cintas.
- c) Fermentación en reactores verticais con ventiladores de aireación.
- d) Maduración en pilas abertas con volteo e ventiladores de aireación.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

- e) Afino con tolva de carga, cintas transportadoras, separador magnético, tromel para separar por tamaños, mesa de separación densimétrica e tolvas de almacenamento de compost e rexeitamentos.
- f) Zona de almacenamento de Compost.
- g) Sistema de depuración de gases mediante biofiltro.
- h) Planta depuradora de efluentes.

O custo desta partida ascende a 5.398.937,45 € sen IVE (6.532.714,31 € con IVE).

- Dirección de obra. Na dirección de obra inclúese toda a supervisión da obra desde o trazado de planta da parcela, a construción da soleira, a montaxe das naves, a montaxe da maquinaria incluíndo instalación eléctrica, instrumentación, contraincendios, fontanería etc, tal como aparecerá no Prego de Licitación da Planta. O custo é de 128.672,32 € sen IVE (155.693,51 € con IVE).
- Coordinador de seguridade e saúde. Na coordinación de seguridade incluírase os plans de seguridade da obra, así como o seguimento diario da montaxe das instalacións e as reunións de coordinación dos traballos que se realicen na planta, tal como aparecerá no Prego de Licitación. O custo é de 41.175,19 € sen IVE (49.821,98 € con IVE).
- Taxas e licenzas municipais. Inclúiranse todas as taxas e licenzas que a construción da planta necesite, incluíndo imposto construcións, instalacións e obra (ICIO) e as taxas de licenza de obra. O custo é de 132.538,10 €, estes pagamentos están exento de IVE.

B.2.- Valor e detalle dos terreos:

Superficie (m ²)	Prezo €/(m ²)	Custe Total (sen IVE)	Custe Total (con IVE)
7.877,54	25,00 €	196.938,50 €	238.295,59 €

O custe do terreo que se traslada ao orzamento da planta é inferior ao 10% do custe total subvencionable da planta co seguinte detalle por parcelas:





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

galicia

N.º parcela	Superficie m ²	Prezo m ²	Prezo parcela
167	1.711,02	25,00 €	42.775,50 €
168	1.550,65	25,00 €	38.766,25 €
169	1.550,22	25,00 €	38.755,50 €
170	1.538,75	25,00 €	38.468,75 €
171	1.526,90	25,00 €	38.172,50 €
TOTAL	7.877,54	25,00 €	196.938,50 €

C) PLANTA DE VERÍN

Actuación	ANO 2021		ANO 2022		TOTAL	
	Sen IVE	Con IVE	Sen IVE	Con IVE	Sen IVE	Con IVE
Estudo preliminar	15.000,00 €	18.150,00 €			15.000,00 €	18.150,00 €
Proxectos (básico E para AAI)	80.000,00 €	96.800,00			80.000,00 €	96.800,00
Terreo	416.641,17 €	504.135,82 €			416.641,17 €	504.135,82 €
Construción	1.098.400,46 €	1.329.064,56 €	4.574.667,25€	5.535.347,37 €	5.673.067,71 €	6.864.411,93 €
Dirección de obra			128.672,32 €	155.693,51 €	128.672,32 €	155.693,51 €
Coordinación seguridade e saúde			41.175,19 €	49.821,98 €	41.175,19 €	49.821,98 €
Taxas e licenzas municipais	132.538,10 €	132.538,10 €			132.538,10 €	132.538,10 €
TOTAL	1.742.579,73	2.080.688,47 €	4.744.514,76 €	5.740.862,86 €	6.487.094,49 €	7.821.551,33 €

Esta planta ten capacidade para tratar 3.000 tn/ano de biorresiduos segundo se xustificase no informe que se adxunta.

C.1.- Detalle das actuacións financiáveis na Planta de Verín:

- Estudo preliminar de alternativas. Realizouse un estudo previo para definir as mellores alternativas no mercado para dar a mellor solución técnica á planta. O custo é de 15.000 € sen IVE (18.150 € con IVE).
- Proxecto básico e proxecto para a obtención da AAI (inclúe levantamento topográfico, estudo xeotécnico, etc.). Neste proxecto defínense todos os aspectos da instalación para poder licitar a construción e a operación da mesma, incluíndo os estudos xeotécnicos e levantamento topográfico do





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

terreo. Ademais, inclúese toda a documentación para conseguir a Autorización Ambiental Integrada (AAI) e os permisos de construción. O custo é de 80.000 € sen IVE (96.800 € con IVE).

- Compra de terreo. Neste apartado inclúese os gastos de compra do terreo, incluíndo gastos de notaría e rexistros, e as taxas e impostos correspondentes. O custo é de 416.641,17 € sen IVE (504.135,82 € con IVE).
- Contrato para a construción da planta. Neste apartado inclúense o importe da licitación da construción da planta, ata as probas de garantía, tal como aparecerá no Prego de Licitación da Planta, onde se recolle tamén a posta en marcha da planta que non se detalla neste apartado por non ser subvencionable.

A instalación consta dos seguintes equipos:

- a) Recepción e provisión de materiais cunha pa cargadora incluída, material de recollida selectiva de orgánico e material estruturante.
- b) Instalación de pretratamento que inclúe tolva de recepción, abrebolsas, mesturadora e cintas.
- c) Fermentación en reactores verticais con ventiladores de aireación.
- d) Maduración en pilas abertas con volteo e ventiladores de aireación.
- e) Afino con tolva de carga, cintas transportadoras, separador magnético, tromel para separar por tamaños, mesa de separación densimétrica e tolvas de almacenamento de compost e rexeitamentos.
- f) Zona de almacenamento de Compost.
- g) Sistema de depuración de gases mediante biofiltro.
- h) Planta depuradora de efluentes.

O custo desta partida ascende a 5.673.067,71 € sen IVE (6.864.411,93 € con IVE).

- Dirección de obra. Na dirección de obra inclúese toda a supervisión da obra desde o trazado de planta da parcela, a construción da soleira, a montaxe das naves, a montaxe da maquinaria incluíndo instalación eléctrica, instrumentación, contraincendios, fontanería etc., tal como aparecerá no Prego de Licitación da Planta. O custo é de 128.672,32 € sen IVE (155.693,51 € con IVE).





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

- Coordinador de seguridade e saúde. Na coordinación de seguridade incluírse os plans de seguridade da obra, así como o seguimento diario da montaxe das instalacións e as reunións de coordinación dos traballos que se realicen na planta, tal como aparecerá no Prego de Licitación. O custo é de 41.175,19 € sen IVE (49.821,98 € con IVE).
- Taxas e licenzas municipais. Inclúiranse todas as taxas e licenzas que a construción da planta necesite, incluíndo imposto construcións, instalacións e obra (ICIO) e as taxas de licenza de obra. O custo é de 132.538,10 €, estes pagamentos están exento de IVE.

C.2. Valor e detalle dos terreos:

Superficie (m ²)	Prezo €/(m ²)	Custe Total (sen IVE)	Coste Total (con IVE)
12,625,49	33,00 €	416.641,17 €	504.135,82 €

O custe do terreo que se traslada ao orzamento da planta é inferior ao 10% do custe total subvencionable da planta co seguinte detalle por parcelas:

N.º parcela	Superficie m ²	Prezo m ²	Prezo parcela
10	4.286,47	33,00 €	141.453,51 €
11	3.992,46	33,00 €	131.751,18 €
12	4.346,56	33,00 €	143.436,48 €
TOTAL	12.625,49	33,00 €	416.641,17 €





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

1.-2.- Orzamento total e importe a subvencionar con fondos REACT:

Ubicación planta	ANO 2021		ANO 2022		TOTAL	
	Investimento	Importe	Investimento	Importe	Investimento	Importe
	SOGAMA	subvención	SOGAMA	subvención	SOGAMA	subvención
Vilanova de Arousa	3.357.760,18 €	2.782.828,00 €	12.306.644,61 €	11.131.311,00 €	15.664.404,79 €	13.914.139,00 €
Cervo	1.522.877,06 €	1.064.720,00 €	4.470.384,50 €	4.258.883,00 €	5.993.261,56 €	5.323.603,00 €
Verín	1.742.579,73 €	1.152.452,00 €	4.744.514,76 €	4.609.806,00 €	6.487.094,49 €	5.762.258,00 €
TOTAL	6.623.216,97 €	5.000.000,00 €	21.521.543,87 €	20.000.000,00 €	28.144.760,84€	25.000.000,00 €

As tres plantas teñen capacidade para tratar 21.000 tn/ano de biorresiduos segundo se xustifica no informe que se adxunta.

O valor do investimento de SOGAMA non inclúe o IVE

O importe total da subvención que ascende a 25.000.000,00 €, distribúese en dúas anualidades e o pagamento realizarase segundo o estipulado na cláusula novena cos seguinte límites máximos por anualidade:

- Ano 2021: 20 %: 5.000.000,00 €
- Ano 2022: 80 %: 20.000.000,00 €
- TOTAL: 100 %: **25.000.000,00 €**





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

ANEXO 2 .- EXENCIÓN NORMATIVA DE AXUDAS DE ESTADO

Esta subvención atópase excluída da aplicación e a normativa de axudas de Estado que se recolle no artigo 107 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea .

O Tratado de Funcionamento da Unión Europea, esixe, no seu artigo 107 a notificación á Comisión en virtude do artigo 108.3 do TFUE de toda axuda estatal que cumpra cos criterios do 107.1, con todo, contémpanse unha serie de excepcións para casos nos que as axudas outorgadas polos Estados a determinadas empresas non se consideran axudas de estado, ao non implicar un falseamento da competencia nin afectar os intercambios comerciais entre Estados membros polo que, con base nas excepcións do devandito artigo esta subvención non terá a consideración de axuda de Estado de conformidade coa Comunicación da Comisión relativa ao concepto de axuda estatal en relación ao disposto no citado artigo.

Tendo en conta:

- Que o ámbito de actuación de SOGAMA é de carácter local, circunscrito á Comunidade Autónoma de Galicia que o uso da infraestrutura tamén é estritamente de carácter autonómico.

SOGAMA é unha empresa pública autonómica, creada no ano 1992 polo Decreto 111/1992 da Xunta de Galicia, en virtude do artigo 55.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, e adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Trátase dun instrumento de xestión pensado por e para Galicia cuxa labor permite que a maior parte dos residuos urbanos producidos nesta comunidade sexan xestionados de forma correcta, segundo a xerarquía establecida pola normativa vixente na materia.

En virtude do artigo 9.2 a) da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de Residuos e Solos Contaminados de Galicia, corresponde aos Concellos como servizo obrigatorio a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas, no marco xurídico do establecido na normativa básica estatal en materia de residuos, na presente Lei, na normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor e no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

Este servizo de tratamento de residuos de competencia municipal é prestado por SOGAMA aos Concellos galegos voluntariamente adheridos ao sistema promovido pola Xunta de Galicia e xestionado a través de SOGAMA, a quen paga un canon cuxo importe é fixado anualmente por Decreto da Xunta de Galicia.

A disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, sinala que o sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado pola Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama) ao amparo da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, constitúe un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade de interese xeral é a de conseguir, en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema, o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos, buscando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos. O punto dous da devandita disposición fixou o canon unitario de tratamento por tonelada de residuos que deberá percibir a citada entidade e sinala que este se actualizaría anualmente no mes de xaneiro conforme ao índice de prezos ao consumo, publicándose a súa contía no Diario Oficial de Galicia.

Galicia, polas súas características, ten unha dispersión da poboación que hai pouco atractiva o investimento en instalacións deste tipo. Xa que logo, na Comunidade Autónoma de Galicia só hai actualmente tres operadores en materia de xestión e tratamento de residuos sólidos urbanos:

-SOGAMA, cuxo ámbito de actuación circunscríbese aos municipios adheridos ao sistema dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, que supoñen 295 Concellos, representando ao 94% da poboación total de Galicia, a maior parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

-LOUSAME, planta de tratamento que pertence á Mancomunidade de Municipios Serra do Barbanza e cuxo ámbito de actuación cingúese ao ámbito territorial dos municipios que forman parte da devandita Mancomunidade.

-NOSTIÁN, planta de tratamento de residuos da Coruña, promovida polo propio Concello da Coruña e o Consorcio de As Mariñas, do que forma parte, xunto con oito Concellos da área metropolitana da Coruña. O ámbito territorial de actuación cingúese ao territorio dos municipios que forman parte do Consorcio e que voluntariamente se adhiran a este modelo.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

De todo o anteriormente exposto despréndese que o ámbito de actuación de SOGAMA é puramente local e circunscríbese exclusivamente á Comunidade Autónoma de Galicia.

- Que pola natureza e características da actividade é moi improbable o investimento transfronteirizo.

O investimento transfronteirizo non é probable que se vexa afectado máis que de forma marxinal. Do mesmo xeito que en todos os exemplos de situacións que se recollen no inciso 197 do apartado 6.3 da Comunicación da Comisión, en que a Comisión considerou nas súas decisións que non era probable que o apoio público afectase os intercambios entre Estados membros porque “o beneficiario subministraba bens ou servizos a unha zona limitada dentro dun Estado membro e non era probable que atraese clientes doutros Estados membros e que non podía preverse que a medida tivese un efecto máis que marxinal nas condicións de investimentos ou establecementos transfronteirizos”, neste caso concreto, SOGAMA presta os seus servizos exclusivamente aos Concellos de Galicia que, voluntariamente queren adherirse ao sistema que promove a Xunta de Galicia no marco das súas competencias, polo que non sería posible que SOGAMA puidese atraer clientes doutros Estados Membros fronteirizos para o tratamento de residuos sólidos urbanos; ao mesmo tempo, sería moi improbable que a axuda pública a SOGAMA fose a ter efecto algún nos investimentos transfronteirizos porque dada a natureza do servizo prestado, de competencia municipal, que inclúe recollida e tratamento de residuos, e dadas as características da Comunidade Autónoma no que se refire á dispersión da poboación, fan moi improbable que o investimento para a prestación de servizos de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos sexa atractiva e rendible para un investidor transnacional.

Por todo o exposto, cabe concluír que a axuda que a Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda podería conceder a SOGAMA non constituiría unha axuda de estado do artigo 107.1 TFUE.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



UNIÓN EUROPEA

**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**
Unha maneira de facer Europa

galicia

ANEXO 3.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don Javier Domínguez Lino, con DNI _____ en representación da empresa Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (en diante, SOGAMA), con CIF: A-15379803, beneficiaria dunha axuda directa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

DECLARO, en calidade de presidente de SOGAMA, en virtude do acordo do Consello de Administración da Sociedade con data de 11 de febreiro de 2015, exercendo as facultades atribuídas mediante a delegación de poder do propio Consello de Administración outorgado na mesma data do seu nomeamento como Presidente da Sociedade á que representa:

- Que SOGAMA cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario dunha subvención pública, previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que SOGAMA non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade.
- Que dá o seu consentimento expreso para a inclusión e tratamento dos datos en cumprimento de publicidade da axuda segundo o disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
- Que SOGAMA atópase ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e para iso autoriza a súa consulta pola Administración.
- Que SOGAMA ten capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as condicións do convenio segundo o establecido no artigo 125 .3.d de RDC.

Santiago de Compostela a -----, de ----- de 2021.

